



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ASISTENTES

Alonso Prieto, Elena
Álvarez Moreira, José Ángel
Araújo Fernández, María
Area Carracedo, Iván Carlos
Báez Montero, Inmaculada
Baltrusch, Burghard
Blas Varela, M^a Esther de
Bouza Rodríguez, José Benito
Caamaño Martínez, José Carlos
Carro Parafita, Pedro Manuel
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Collazo Fernández, Antonio
Comesaña Piñeiro, Rafael
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Crespo Domínguez, Miguel Ángel
Cruz Freire, José Manuel
Cruz González, M^a Montserrat
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, María Consuelo
Dafonte Gómez, Alberto
Dapia Conde, María Dolores
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Diéguez Quintas, José Luis
Diz Folgar, Manuel
Domínguez Araújo, Lara
Domínguez Domínguez, Rubén
Eguía Oller, Pablo
Falagán Mota, Jorge
Fariña Rodríguez, José
Fenollera Bolívar, M^a Inmaculada
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Iglesias, Manuel José
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, M^a Inmaculada
García García, Óscar
Garrido Campos, Julio
Garrote Velasco, Gil
Gil Hidalgo, Paula
González Álvarez, Dolores
González Santamaría, Pedro
Hernández Sánchez, Jesús
Iglesias Blanco, Raúl
Iglesias Briones, María Jesús
Lameiro Diéguez, M^a de los Remedios
Lantarón Caeiro, Eva María
Llamas Nistal, Martín
López Lago, Marcos
López Mira, Álvaro Xosé
López Rubianes, Lucrecia M^a
López Sánchez, Óscar
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Marcet Miramontes, Purificación
Martín Moreno, José M.
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Mojón Ojea, Artemio
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Reguera, José Francisco
Moure Rodríguez, María José
Nombela Castaño, Miguel Ángel
Novas Míguez, Javier
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Ovejero Campos, Aida
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Peña Gallego, M^a de los Angeles
Pérez Álvarez, María José
Pérez Cota, Manuel
Pérez Juste, Ignacio
Picos Martín, Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día **17 de decembro de dous mil vinte e un**, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda, de xeito presencial no Paraninfo da Universidade, no Edificio Ernestina Otero (Campus de Vigo), así como de xeito virtual a través do Campus Remoto – Sala 29 (Claustro Universitario).

Acadado o quórum necesario ás 10:00 h, dá comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro do 2021.
2. Informe do reitor.
3. Informe anual do Reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.
4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2022.
5. Informe sobre a situación dos cadros de persoal docente e investigador na Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, do regulamento para a creación e a xestión de institutos de investigación na Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 3.2º do Regulamento Electoral.
8. Informe de seguimento e avaliación anual do plan estratéxico da Universidade de Vigo.
9. Informe da Valedora Universitaria.
10. Nomeamento dos representantes sindicais do PAS nos Consellos de Campus de Ourense e Pontevedra.
11. Elección dos membros da comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas na Docencia: 5 decanos/directores de Centro, 5 directores/as de Departamento, 5 PAS e 5 alumnos/as.
12. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado :
 - a. 3 estudantes (ámbito e campus)
 - b. 5 PAS
13. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento de inspección:
 - a. 1 PDI
 - b. 3 estudantes.
14. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:
 - a. Consello de Campus de Pontevedra: 3 estudantes.
 - b. Consello de Campus de Ourense: 1 estudante.
15. Quenda de intervencións

Segundo o sorteo da letra para as intervencións, levado a cabo pola Mesa, comezarase pola letra “D”. De alongarse en exceso a sesión, acórdase que se suspenda sobre as 15:00 h, se fose a prolongarse máis aló.



Rivo López, Elena
Rodríguez de la Fuente, Marta
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rúa Estévez, José Manuel
Rubio Armesto, M^a Belén
Santalla del Río, María Verónica
Siota Álvarez, Mónica
Sotelo Dios, Patricia
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel M.
Teixeira Bautista, Marta
Teira González, Eva
Torres Outón, Sara M^a
Torres Romay, Emma
Vaquero García, Alberto
Vázquez Otero, M^a Elsa
Vázquez Vázquez, Miguel Ángel
Velasco Graña, M^a Rita
Vila Alonso, M. de las Mercedes
Villanueva Torres, Daniel
Virgós Soto, Alejandro

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga
Cancho Grande, Beatriz
Comesaña Benavides, José Antonio
Fernández Prieto, Marta
Fernández Rey, Aser Angel
Fernández Riverola, Florentino
Fernández Suárez, Emilio
Ferreiro Vázquez, Oscar
Gallardo Medina, Mercedes
Gallego Veigas, Pedro Pablo
Godoy Malvar, Eduardo
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Mascuñan Tolon, Patricia Silvia
Morán Martínez, M^a Paloma
Pazos Arias, José Juan
Sieiro Vázquez, Carmen

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 29 de outubro do 2021.

O reitor informa de que non se recibiron peticións de modificación da acta polo que propón que se aprrobe por asentimento.

Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- O novo plan de financiamento, consensado entre as tres universidades galegas, que consolida a estabilidade do SUG e que serve como modelo de rendición de contas á sociedade galega. Indica os cinco eixos básicos do plan: 1. Financiamento. 2. Internacionalización. 3. Relacións Universidade-Empresa. 4. Docencia innovadora. 5. Investigación avanzada. 6. Sostibilidade ambiental. Indica os aspectos relativos á rendición de contas e transparencia, así como unha táboa co cadro de mando e os diferentes indicadores. Destaca as características de estabilidade financeira, suficiencia, eficiencia e equidade institucional como principios básicos, así como os obxectivos que se pretenden acadar. Amona un cadro sobre a estimación de ingresos públicos no SUG para o período 2022-2026. En canto a estrutura do plan,

indica que a medida básica é o custo estándar recalculado e que a parte incentivadora consiste no incremento de indicadores. A novidade principal é un novo fondo dotado con 14 millóns a repartir por igual entre as tres universidades do SUG, expoñendo as súas características principais. Céntrase na explicación do subfondo do plan. Remata sinalando a evolución do plan en canto ao financiamento non condicionado e o financiamento da investigación. Entende que o plan marca unha boa senda de cara ao futuro das Universidades do SUG, aínda que pensa que debemos mirar mais aló do plan de financiamento, pensando nun futuro de cara aos próximos dez anos, cando será mais difícil captar alumnado local, polo que convén apostar pola internacionalización.

- Memorias de titulacións pendentes: favorable condicionado na verificación do grao en intelixencia artificial; pendente está a verificación do mestrado en intelixencia artificial e o do ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua. Agradece o esforzo da Escola Superior de Enxeñaría Informática.
- Outros asuntos: Comisión a biblioteca que queremos. Fondos adicionais por valor de 1.5 millóns de euros para eficiencia enerxética. Acordo de financiamento aprobado no Consello Galego de Universidades o 7 de decembro, cunha soa abstención. Convenio Pontegadea-Facultade de Belas Artes para unha exposición. Proxecto da LOSU nas sesións da CRUE. Continúase a traballar para instalar a Facultade de Ciencias do Mar na ETEA. Xornadas sobre financiamento autonómico. Exposición Bernarda Espida, no Edificio Redeiras. Toma de posesión de catedráticos/as e titulares. Xornadas de sociedade dixital e xénero. Homenaxe na Facultade de Fisioterapia a dúas exalumnas. Premio Pontevedreses do ano á Escola de Enxeñaría Forestal. Graduación do Programa de Maiores. (PUM). Seminario sobre a fenda salarial entre homes e mulleres. Premios Galileo e Copernicus Master a estudantes da Universidade de Vigo. Acordos na mesa de negociación do PDI. Sinatura do convenio de equipamento científico-técnico. Horario especial de bibliotecas para xaneiro e decembro. Financiamento dun estudo sobre microplásticos pola Deputación de Pontevedra. Celebráronse os consellos reitores dos centros de investigación interuniversitarios (ECOBAS, CISPAC e CITMAGA), agradecendo a labor do

profesor Hervés no ECOBAS. Presentación do libro homenaxe ao profesor Deaño. Actividades da cátedra Saramago. Programa de divulgación científica “Ciencia de ida e volta”. Premio ao profesor Jorge Luis Bueno. Laura Movilla Pateiro recibe o Water Drop Award polo seu libro sobre acuíferos transfronteirizos. Congreso TechLing 2021. O proxecto Caminito de UVIGO Space LAb gaña un certame europeo. Alberto Gago entrou na Real Academia de Ciencias. Celebrouse o Concerto de Nadal en Ourense e agradece a UVigo TV a súa labor na retransmisión. O congreso Eunis 2023 celebrarase na UVigo.

- Enquisas de avaliación docente: amosa o reitor unha diapositiva sobre os cuestionarios recollidos nos últimos anos e comenta o resultado do paso á modalidade on line, o que non exclúe a posibilidade de facelas desde a clase, segundo se acordou na mesa de negociación do PDI.
- Finaliza informando sobre as novas restricións publicadas no DOG a causa da COVID-19 de cara ao Nadal.

3. Informe anual do reitor, en cumprimento do artigo 30.b) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor comeza o seu informe anual, dividido en sete puntos.

- Comeza informando sobre os casos detectados no ano de COVID-19 e a súa evolución ao longo do ano 2021.
- Detalla as actuacións sobre eficiencia enerxética nos tres campus, o investimento total (acadado en convocatorias competitivas) e o aforro estimado de emisións.
- Informa sobre o uso das TIC na UVigo ao longo do ano, distinguindo entre as actuacións en materia de *hardware* (Rede core e fortalecemento da Wifi) e de *software* (sede electrónica, mellora do campus remoto, meta4-PeopleNet, Sigma, Dialnet-Suxi). Incide en particular no asunto de Sigma, destinado á xestión académica para substituír ao actual Xescampus, programa do que formamos parte xunto con outras catorce universidades españolas. Detalla diferentes aspectos técnicos relativos ás melloras na conectividade da UVigo. Detalla os distintos certificados automáticos que se xeran co selo electrónico da Universidade. Meta4-PeopleNet é unha solución de última xeración para a xestión de persoal.
- Unidigital: chegaron xa os fondos para a dixitalización das universidades españolas e indica as cantidades que corresponden á UVigo, tanto por proxectos propios como por proxectos colaborativos.
- Fortalecemento de centros e creación de estruturas de investigación, como poden ser os institutos de investigación.
- Comenta os resultados de investigación en proxectos internacionais, detallando as cantidades obtidas. Houbo un crecemento importante nos fondos H2020.
- Indica os resultados de transferencia, con especial énfase nas solicitudes da UVigo no programa de doutoramento industrial, agradecendo a todas as persoas que presentaron candidatura. Amosa o resultante de captación de fondos de I+D+i (27,7 millóns de euros).
- Sobre as prazas de retención de talento investigador, foron catro no ano 2021. Sinala asemade os datos relativos ás prazas de captación (Ramón y Cajal e Beatriz Galindo).
- Amosa a curva de publicacións en *Web Science*.
- Sobre o obxectivo de recuperación da paga extra íntegra do PDI sinala que se cumprirá integramente no ano 2022.
- Sinala os acordos xa acadados en canto ao mapa de mestrados, así como os traballos en marcha sobre titulacións (novos graos, declaracións de singularidade e propostas de novos mestrados), detallando as novas titulacións (catro graos e cinco mestrados) e centros (e novas facultades) que se implantarán no curso 2022/23. Aprobáronse sedes permanentes para o PUM e renomeouse á Escola de Comercio.

- Outros temas relativos a titulacións foron o incremento de prazas na Escola Superior de Enxeñaría Informática e as tres mencións de excelencia para mestrados da UVigo.
- Sobre o novo Docencia, se pasou de 67 a 26 indicadores elaborados por unha comisión do Claustro. Tamén se melloraron as enquisas pasándoas ao formato on-line.
- En canto á formación permanente aprobouse o novo regulamento e indica os principais obxectivos.
- Sinala as prazas da OPE 2021 de PDI, que é o número máximo de prazas posibles e indica a evolución das OPE durante o mandato, no que se conseguiu baleirar as bolsas de persoas acreditadas.
- En relación coa estabilización e promoción sinala os resultados do plan de promoción de asociados e a convocatoria de 25 prazas de profesorado axudante doutor.
- Indica outras convocatorias de profesorado: retención de talento investigador e recualificación do PDI, xunto co 15% reservado para investigadores na OPE.
- Medidas salariais para o PDI: pagamento do 75% do complemento específico das pagas extra, equiparación da retribución salarial dos Ramón y Cajal, entre outras varias medidas para o PDI.
- Detalla o plan de recoñecemento da docencia en galego, cun recoñecemento do 10%.
- En canto ao PAS, destaca o acordo sobre funcionarización do PAS laboral, agradecendo ao equipo xerencial e aos representante sindicais. Sinala tamén a promoción da adicional 9ª do II convenio colectivo e os plans de promoción para o PAS funcionario, así como as distintas convocatorias de procesos selectivo. Remata comentando os aspectos mais salientables da OEP do PAS.
- Amosa unha estatística sobre o número de Claustros celebrados no mandato.
- Aprobouse o plan de comunicación no 2021.
- En canto á igualdade, concedeuse o primeiro distintivo de igualdade a un centro nas universidades españolas (Facultade de Filoloxía e Tradución). Continúan os traballos da Cátedra de Feminismos 4.o. Financiáronse liñas de investigación, en particular, sobre a fenda salarial e de investigación.

4. Informe sobre as liñas orzamentarias para o ano 2022.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía, que comeza expoñendo os condicionantes económicos e legais do plan que sitúan o escenario orzamentario, en particular, os Estatutos da Universidade e a Lei de orzamentos galega. En canto a evolución económico-financeira da UVigo, amosa as achegas do plan de financiamento á UVigo no período 2016-2022 e amosa a evolución orzamentaria desde o ano 2014. Resume por capítulos o ingreso de orzamento en 2022, distinguindo entre afectado e non afectado, sendo o total de 198.676.372 euros. Destaca diversos capítulos, como o de taxas e prezos públicos, transferencias correntes e de capital, ingresos correntes e patrimoniais ou variación de activos e pasivos financeiros. En relación cos gastos, o principal é o relativo a persoal, malia que detalla todo o conxunto dos mesmos, sendo o total de 198.676.372 euros para o 2022 (no 2021 foran 184.640.912 euros). Conclúe que as contas están saneadas e que se mantén o equilibrio orzamentario, cumprindo os prazos legais para facer fronte aos pagos.

En relación co teito de gasto hai que ter en conta as limitacións establecidas polo Parlamento de Galicia, sendo o teito previsto para UVigo, consonte a normativa, de 164.467.978,32 euros.

Xoán Cebro solicita ao equipo de goberno o pagamento do 100% das pagas extra na nómina do PAS funcionario, á vista das políticas seguidas co PDI. Comenta que bota en falta o complemento da carreira administrativa para o PAS da UVigo, entendendo que se debe reclamar á Xunta de Galicia. O reitor comprométese a estudar as dúas peticións e explica como foi a actuación seguida en relación co PDI. Queda en seguir a falar deste asunto con Xoán Cebro, que matiza a súa postura.

5. Informe sobre a situación dos cadros de persoal docente e investigador na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que amosa unha análise global do cadro de PDI, incidindo na capacidade docente e sinalando a cantidade total de docencia a impartir na Universidade de Vigo, en consonancia coa capacidade docente do profesorado. Indica a distribución do

profesorado por departamentos e ámbitos, desagregándoa entre PDI consolidado, temporal e investigador. Destaca un problema: falta unha ferramenta de análise e planificación en relación co PDI. Establecéronse tres a este respecto. As ferramentas permitiron obter un cadro teórico do PDI, cumprindo coa obriga legal establecida pola LOU, así como unha análise do estado actual e planificar por departamentos e persoas, establecendo unha evolución temporal, a planificación de contratacións e a incorporación de investigadores. Amosa os cadros de perspectivas de futuro que resultan do emprego das ferramentas. Destaca o problema do grao de envellecemento do persoal e o tamaño de certas unidades docentes, así como certos desequilibrios que persisten en materia de xénero (nos que colaborou a Unidade de Igualdade) ou de consolidación, expoñendo diversas gráficas ao respecto. Comenta tamén os resultados das folgas docentes, onde existen desequilibrios significativos. Expón a proxección das xubilacións ata o 2039 e o PDI con 65 anos ou mais no 2020, que complica o relevo xeracional. En relación co tamaño de certas unidades docentes, destaca que un 33% non teñen capacidade para xerar unha praza consolidable. En canto á promoción, sinala o aproveitamento máximo das taxas de reposición para baleirar as bolsas de persoas acreditadas, tanto de prazas de catedrático/a como de titular. Sobre a estabilización de prazas, o obxectivo era de 100 de Axudante doutor na lexislatura e houbo dúas convocatorias do plan de estabilización do profesorado asociado. A partir de 2022, anticipación en tres anos de reposición de persoal. Os investigadores contan co 15% da taxa de reposición. O total é de 83% de saída de prazas por docencia e un 17% por investigación. Sinala brevemente a recuperación que se levou a cabo de dereitos do PDI, que xa foi abordada polo reitor no seu informe, destacando o carácter real da negociación colectiva, respectando os acordos acadados. Finaliza o informe detallando os custos da política de persoal (7.125.000 euros en total).

Susana Reboreda comenta que lle preocupa o problema da elevada idade do profesorado conxugada coa imposibilidade de xerar prazas consolidables en certas áreas. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado comparte a súa preocupación e pensa que será unha cuestión fundamental a abordar no mandato do vindeiro equipo de goberno, en particular, a falta de canteira.

Pedro Carro teme que, de cara ao futuro, se teña que improvisar a política de contratación do PDI e pide medidas ao respecto para evitalo. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sinala que é moi similar a media nacional de idade do profesorado universitario. O reitor comenta os resultados de certos estudos da CRUE a este respecto.

María Xosé Ríos pregunta no chat “se ao PAS aféctalle o cambio que por lei se da na idade de xubilación, e se este é un tema que lle afecte ao profesorado”. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara que a normativa de PAS e PDI a este respecto é bastante diferente.

Álvarez Moreiras pregunta no chat: “¿se ha tenido en cuenta en la previsión de plazas, la previsión de matrícula?”. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explica que eses desequilibrios son posibles pero que estase a traballar para que os seus efectos sexan mínimos.

6. Aprobación, se procede, do regulamento para a creación e a xestión de institutos de investigación na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que pasa a expoñer o regulamento, que foi aprobado na Comisión de Investigación e conta co informe favorable da Asesoría Xurídica. Comenta sucintamente os aspectos mais relevantes do texto, que foi achegado coa documentación, en particular, o que se refire aos investigadores garantes e os requisitos esixidos aos mesmos, así como a vinculación do persoal, o contido necesario da memoria de creación, a avaliación e criterios de excelencia, a gobernanza dos institutos e o consello asesor externo, así como os requisitos para a avaliación. Tamén contén unha disposición transitoria para os institutos xa existentes. Houbo tres alegacións que foron consensuadas e negociadas coas persoas que as presentaron, chagándose a un acordo que foi incluído no texto. A vicerreitora detalla cales foron as alegacións e o resultado das mesmas.

Apróbase por asentimento o regulamento.

7. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 3.2º do Regulamento Electoral.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que pasa a expoñer a modificación, xa aprobada por asentimento na Comisión Electoral. Á vista de que o artigo 3.2º do Regulamento Electoral Xeral da Universidade de Vigo sinala o seguinte:

“2. Ningunha persoa poderá ter a condición de electora en dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais. Neste caso debe optar polo sector ou circunscrición no que desexe participar na votación mediante un escrito, no período de reclamacións ao censo, ante a comisión electoral ou a xunta electoral, segundo corresponda. (...)”

Á vista de que a adscrición por circunscrición xa conta cunha norma específica no artigo 15 do Regulamento, e á vista de que, segundo una consulta recibida a este respecto, de manterse a referencia ás circunscricións no artigo 3.2º pode xerar confusión e, dado que a mesma resulta superflua, ao contar cunha regulación específica no artigo 15, polo exposto, o secretario xeral propón suprimir a referencia ás circunscricións no segundo inciso do artigo 3.2º do Regulamento Electoral Xeral, de xeito que quede como sigue:

“2. Ningunha persoa poderá ter a condición de electora en dous ou máis sectores de representación distintos, nin dentro dun sector en dúas ou máis circunscricións electorais, debendo optar polo sector no que desexe participar na votación mediante un escrito, no período de reclamacións ao censo, ante a comisión electoral ou a xunta electoral, segundo corresponda. (...)”

Pedro Carro lembra que debe darse unha mellora para a entrada do estudantado no Claustro. Álvarez Moreiras pregunta no chat “una cuestión sobre lo ya solicitado con anterioridad (y que aunque tiene ver con modificación de reglamento, igual debería indicarlo en el último punto de esta sesión):¿Me puede confirmar, tal como se me ha remitido por email Secretaria Xeral, que antes de la convocatoria de elecciones, en el 2ºcuatrimestre, se procederá a la modificación del artículo 56 de este reglamento, para no incumplir con el art.12.3 de los Estatutos?”. O secretario xeral indica que se está pendente do informe da Asesoría Xurídica para proceder á modificación.

Apróbase por asentimento a modificación proposta

8. Informe de seguimento e avaliación anual do plan estratéxico da Universidade de Vigo.

O reitor agradece aos membros da comisión e cede a palabra a Jacobo Porteiro que comeza agradecendo á comisión o seu traballo, que tomou posesión o 30 de xullo de 2021. Indica a metodoloxía seguida. Dos 29 obxectivos do plan, 26 actuacións xa están iniciadas e tres en fase de planificación. Sinala un cadro co panel dos indicadores dispoñibles actualmente. O reitor comenta que o plan segue a estar vivo.

9. Informe da Valedora Universitaria.

O reitor cede a palabra á valedora universitaria. O texto do informe figurará anexo á presente acta en canto a valedora o remita á Secretaría Xeral para a súa incorporación (Anexo I). Ao remate, o reitor comenta que o equipo tentará atender todas as recomendacións da valedora universitaria, en particular, en certos temas sensibiles, como a conciliación ou a igualdade. Entende que é crucial que a Valeduría manteña a súa independencia de criterio.

10. Nomeamento dos representantes sindicais do PAS nos Consellos de Campus de Ourense e Pontevedra.

O reitor propón os seguintes nomeamentos:

- Campus de Ourense: Luis Pérez Gómez
- Campus de Vigo: Xoan Manuel Cebro Rodríguez

Resultan nomeadas a persoas propostas.

11. Elección dos membros da comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas na Docencia: 5 decanos/directores de centro, 5 directores/as de departamento, 5 PAS e 5 alumnos/as.

O reitor sinala que se presentaron as seguintes candidaturas:

- a) Decanos/directores de centro (5 postos)
- Eva M^a Lantarón Caeiro. Ámbito científico.
 - Ángeles Peña Gallego. Ámbito científico.
 - Juan Picos Martín. Ámbito tecnolóxico.
 - Francisco José Torres Pérez. Ámbito xurídico-social.

Non é preciso celebrar votación.

- b) Directores/as de departamento (5 postos)
- Inmaculada C. Báez Montero. Ámbito humanidades.
 - María Magdalena Cid Fernández. Ámbito científico.
 - Ángeles Conde Rodríguez. Ámbito xurídico-social.
 - Pablo Eguía Oller. Ámbito tecnolóxico.
 - Luis Muleiro Parada. Ámbito xurídico-social.

Non é preciso celebrar votación.

- c) PAS (5 postos)
- Eduardo Carrera Conde
 - Mar Fernández Cendón
 - Raquel Gandón Chapela
 - Marian Villar Lemos

Non é preciso celebrar votación.

- d) Estudiantes (5 postos)
- Non se presentaron candidaturas.

Resultan elixidas as persoas que presentaron candidatura.

12. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

- a. 3 estudantes (ámbito e campus)**
b. 5 PAS

O reitor indica que se presentou unha candidatura polo sector de estudantes: Miguel Fernández Simoes (do ámbito tecnolóxico).

Non houbo candidaturas do PAS.

Non é preciso celebrar votación.



Resulta elixida a persoa que presentou candidatura.

13. Elección de membros da Comisión redactora do Regulamento de inspección:

- a. 1 PDI**
- b. 3 estudantes.**

O reitor indica que presentou a súa candidatura no sector de estudantes: Antonio Manuel Ramos Vázquez.

Non se presentaron candidaturas polo sector do PDI.

Non é preciso celebrar votación.

Resulta elixida a persoa que presentou candidatura.

14. Elección, polo sector estudantes, dos seguintes membros:

- a. Consello de Campus de Pontevedra: 3 estudantes.**
- b. Consello de Campus de Ourense: 1 estudante.**

O reitor indica que se presentou unha candidatura no Campus de Ourense: Alexo Breogán Riobóo Lois.

Non houbo candidaturas no Campus de Pontevedra.

Non é preciso celebrar votación.

Resulta elixida a persoa que presentou candidatura.

15. Quenda de intervencións

O reitor da comezo á quenda de intervencións pola letra D.

Comeza Rita Velasco, delegada de Comisións Obreiras, e le un comunicado sobre os ataques á Unidade de Igualdade no correo electrónico (Anexo II). Considera que é o momento de emitir un comunicado por parte da Reitoría condenando estes ataques. Pedro Carro comenta que no CEUVI tamén se recibiu unha queixa referida a este asunto. O reitor comenta que o compromiso coa igualdade do equipo de goberno é incuestionable e que tomará as decisións oportunas en canto coñeza mellor o asunto, que se puxo de manifesto durante o propio Claustro. Amosa o seu apoio á Unidade de Igualdade, da que opina que é das que mellor funcionan na Universidade de Vigo. Indica que se tomarán as medidas oportunas, chagando ao fondo deste asunto, dado que as manifestacións en contra da igualdade, de terse producido, son inadmisibles na Universidade de Vigo, sendo a igualdade unha das liñas principais de traballo na Universidade de Vigo. Agradece a Rita Velasco a súa intervención.

Álvarez Moreiras presenta dos cuestións sobre avaliación continua, que xa preguntara nunha sesión anterior (Anexo III). Pregunta asemade sobre o regulamento de disciplina académica e unha lista de distribución exclusiva para estudantes. Tamén comenta se é necesaria a identificación en dous páxinas diferentes e se non podería ser empregada a páxina da Secretaría Xeral. Pide os informes relativos ás taxas de éxito de certos profesores claustrais. Finaliza cunha cuestión sobre o regulamento de avaliación. O reitor responde que se está a traballar por parte da comisión sobre o regulamento de avaliación e que, en canto estea dispoñible, se traerá ao Claustro. Entende que as cuestións sobre avaliación continua se resolverán no dito regulamento. Sobre os informe das materias o consultará, aínda que entende que a competencia recae nos centros.

Montserrat Cruz e Iván Area insisten no asunto da igualdade e a primeira cre que este asunto non se pode confundir coa liberdade de expresión. O reitor entende que é un debate importante e complexo. Pensa que habería que estudar tecnoloxicamente a moderación das listas de correo. Insiste no carácter igualitario e



UNIVERSIDADE
DE VIGO

feminista da Uvigo. Conclúe desexando boas festas a todos, pero con coidado polo coronavirus: haberá un cribado xeneralizado para toda a comunidade universitaria á volta das vacacións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 h do día 17 de decembro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co vº. e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral